



METAL

# VIDA LABORAL

Vigo 7 de Setembro de 2010

Sec. Sindical PSA PEUGEOT-CITROËN

De novo hai unha ofensiva por parte da Dirección en ofrecer diñeiro para aquelas persoas máis veteranas na fábrica.

## BASE

A C.I.G., si ben sempre mantivo respecto para quenes tomaron esta decisión, non podemos ocultar o malestar que esta a producir, por entender que esta medida, nas actuais circunstancias, cando menos para as persoas que poden ou están próximas a Xubilación Parcial, a Dirección non pode seguir amosando esta falla de sensibilidade para quenes durante décadas viñeron contribuindo co seu esforzo o crecemento e modernización desta Planta PSA.

## RAZÓNS

A finais do 2008, como consecuencia da baixada da produción a Dirección decidiu suspender a Xubilación Parcial, daquela a C.I.G. preguntara que niveis de actividade se tería que dar para reactivar esta fórmula. 380.000 unidades foi a resposta. Neste ano prevense facer 394.000 coches.

Pero ademais hai outro factor que tamén mudou a realidade da plantilla, e son esas 500 persoas, que entre **baixas voluntarias, ERE, e invalideces neste período deixaron a fábrica**. Factor este que favoreceu un maior incremento de traballadores/as Eventuais.

En consecuencia non está xustificado manter pechada esta porta os traballadores/as que podían acollerse a Xubilación Parcial, traballadores/as que non están por rematar a súa vida laboral con indemnizacións e logo paro, senón que tendo en conta o escenario actual tanto en materia de produción como en número de eventualidade, non hai unha razón obxectivable e menos socialmente entendible, que impida o acceso a este dereito, salvo que esta nova ofensiva de baixas voluntarias, a Dirección persiga outro obxectivo "de calendario"

## REITERAMOS.

Con independencia dos casos que prefiran este procedemento das baixas, a Dirección débelle os traballadores/as a posibilidade de acollerse a Xubilación Parcial, por elo a C.I.G. reitera esta reivindicación que a lei contempla.

## ASESORAMENTO

Con independencia da nosa demanda, os traballadores/as que estes días andades coa "vida laboral" a voltas, para acollerse a "baixa voluntaria", lembravos que non está demáis asesorarse ben dos cálculos das diferentes etapas. Tamén debemos estar pendentes das novidades legislativas que o Goberno ten pensado levar a cabo na "reforma das pensións", polo que nos poida repercutir cara o futuro.

# Confederación Intersindical Galega